

## Música



### O Clasclás preséntase mañá en Madrid

Despois do éxito de público e crítica da experiencia inicial do Festival Internacional de Música Clásica e Vilagarcía celebrado o pasado verán, a segunda edición do Clasclás preséntase mañá en Madrid, na sala que Hives Pianos posúe na capital. Ao acto foron convidados os principais medios xerais e especializados en música clásica do país. O alcalde, Alberto Varela, e o director artístico do Clasclás, Guy Braunstein, intervirán no acto que será conducido polo crítico musical David Rodríguez Cerdán. O Clasclás terá lugar entre o 27 de xuño e o 6 de xullo. O certame incrementa a súa duración ata os dez días.